

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 10 DE XANEIRO DE 2025-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día 10 de xaneiro de dous mil vinte e cinco ; as nove horas e vinte minutos xuntase os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data Alcalde Don César Fernández Gil concelleiros/as: don Miguel García Domínguez, dona Yolanda Gómez Gómez, dona Mariluz Expósito Pérez, dona Regina Bahamonde Garcia.

Está presente o Secretario do Concello, Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do Concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior de 4 de decembro de 2024.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3 ESCRITOS DOS SEÑORES CIUDADANS.-

Visto o escrito presentado por **Teresa Martinez Feijoo** solicitando acometida de auga en rúa Ribeiro 51 –3º dereita , no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso industrial , que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 6-12-2024 a interesada abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo

Visto o escrito presentado por don Emil Farhan Sabbagh Hannun solicitando acometida de auga en rúa Grande 44, San Cristovo , no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso domestico , que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 11-12-2024 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo

Visto o escrito presentado por don Antonio Rodríguez Fernández solicitando acometida de auga en rúa José María Martínez Vázquez 11 –3ºB , no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico , que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 16-12-2024 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo

Visto o escrito presentado por don Antonio Gómez Vazquez solicitando acometida de auga en rúa Ribeiro 53- 2 , no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico , que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 17-12-2024 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo

Visto o escrito presentado por Alfredo Ramón Fernández Cuiñas solicitando acometida de auga en rúa Yañez 24, baixo , no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso industrial , que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 27-12-2024 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo

Escrito de dona Carmen Blanco Fernández, solicitando a instalación dun colector de basura en Carretera A Veiga 45

A xunta de goberno acorda comunicar que se solucionará o antes posible.

4 CUESTIÓN ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº13/24.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº13/24, por importe de 51.373,24 euros con cargo a compromisos

firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

ACTUACIÓNS EN AREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL .ACORDO DE COMISIÓN BILATERAL DO 1/12/2021 .CONCELLO RIBADAVIA, AREA DE REHABILITACIÓN DO CASCO HISTÓRICO DE RIBADAVIA , FASE DE ACTUACIÓN 15 ° CONVENIO.

Que ao abeiro da 15ª convocatoria municipal de data 3 de decembro de 2018 , publicada no BOP o día 10 de decembro de 2018, estanse a tramitar actuacións de rehabilitación que se relacionan os apartados A e B para as que se solicita a súa calificación provisional aos efectos do financiamento previsto no RD 106/2018 polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, tendo en conta o previsto no acordo da Comisión Bilateral de Vivenda asinado o 26 de outubro de 2018...

Que os titulares dos expedientes que se tramitan cumpren os requisitos que veñen regulados pola Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, RD 106/2018. Se cumpren os requisitos de documentación relativa á personalidade dos solicitantes, titularidade e destino das vivendas , tipo de actuacións de rehabilitación protexibles, requisitos para obter a condición de beneficiarios tanto xerais como establecidos nas Leis de subvencións como específicos que refire o RD 106/2018 para actuacións en áreas de rehabilitación. Todas as actuacións relacionadas serán executadas ou están executándose ao abeiro das súas correspondentes licencias municipais de obras.

A Datos da persoa solicitante e vivendas/edificios

Nome e apelidos	Nif/cif	Enderezo inmovble	Tipoloxia vivenda	Edificio/ Vivenda BIC	Nº vivendas	Referencia Catastral vivendas	Nº de locais	Referencia Catastral
Maria Purificación García Lamas	34943018S	Rúa Salgado Moscoso 5-2º	Vivenda	X	1	0723401N G780 2S00 03AU		

B DATOS DA ACTUACIÓN

Todas as actuacións relacionadas serán executadas ou están executándose ao abeiro dos seus correspondentes títulos habilitantes municipais (licenzas municipais, comunicación previa de obras).

Referencia catastral	Tipo de actuación	Actuaciones previstas de rehabilitación	Custo actuación (sen IVE)	Sub máx prevista MF	Sub máxima prevista Xunta	Fin previsto actuación (meses)
	Rehabilitación	Conservación	5.006,00	2.002,40€		4 meses

0723401NG7802S0003AU			€		500,60 €	
----------------------	--	--	---	--	-------------	--

ACTUACIÓNS EN AREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL .ACORDO DE COMISIÓN BILATERAL DO 1/12/2021 .CONCELLO RIBADAVIA, AREA DE REHABILITACIÓN DO CASCO HISTÓRICO DE RIBADAVIA , FASE DE ACTUACIÓNS 15 ° CONVENIO.

Que ao abeiro da 15ª convocatoria municipal de data 3 de decembro de 2018 , publicada no BOP o día 10 de decembro de 2018, estanse a tramitar actuacións de rehabilitación que se relacionan os apartados A e B para as que se solicita a súa calificación provisional aos efectos do financiamento previsto no RD 106/2018 polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021, tendo en conta o previsto no acordo da Comisión Bilateral de Vivenda asinado o 26 de outubro de 2018...

Que os titulares dos expedientes que se tramitan cumpren os requisitos que veñen regulados pola Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, RD 106/2018. Se cumpren os requisitos de documentación relativa á personalidade dos solicitantes, titularidade e destino das vivendas , tipo de actuacións de rehabilitación protexibles, requisitos para obter a condición de beneficiarios tanto xerais como establecidos nas Leis de subvencións como específicos que refire o RD 106/2018 para actuacións en áreas de rehabilitación. Todas as actuacións relacionadas serán executadas ou están executándose ao abeiro das súas correspondentes licencias municipais de obras.

A Datos da persoa solicitante e vivendas/edificios

Nome e apelidos	Nif/cif	Enderezo inmoble	Tipoloxia vivenda	Edificio/ Vivenda BIC	Nº vivendas	Referencia Catastral vivendas	Nº de locais	Referencia Catastral
Maria Purificación García Lamas	34943018S	Rúa Salgado Moscoso 5-1º	Vivenda	X	1	0723401NG7802S0002PY		

B DATOS DA ACTUACIÓN

Todas as actuacións relacionadas serán executadas ou están executándose ao abeiro dos seus correspondentes títulos habilitantes municipais (licenzas municipais, comunicación previa de obras).

Referencia catastral	Tipo de actuación	Actuaciones previstas de rehabilitación	Custo actuación (sen	Sub máx prevista MF	Sub máxima prevista	Fin previsto actuación

			IVE)		Xunta	(meses)
0723401NG7802S0002PY	Rehabilitación	Conservación	2.660,00 €	1.064,00€	266,00 €	4 meses

**APROBACIÓN LISTADO COBRATORIO DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA
4º TRIMESTRE DO 2024.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, presta a súa aprobación ao listado cobratorio da taxa polo subministro de auga, 4º trimestre do 2024, por importe de 49.943 euros, tarifa de depuración por importe de 9.705,39 euros, máis 5.978,45 euros de IVE, resultando un total de 65.626,84 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar o listado cobratorio da taxa de depuración de residuais, correspondente ao 4º trimestre do 2024, por importe de 19.209,07 euros, Canon de auga fíxo da Xunta, por importe de 8.398,49 euros e Canon de auga variable da Xunta, por importe de 8.138,26 euros.- Asi mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda fixar como periodo cobratorio entre o 1 de Xaneiro e o 24 de Febreiro de 2025”.

APROBACIÓN DE FACTURAS

1.-A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación a factura num. 8 de data 19.11.2024, emitida por Ourense Producciones S.L. relativa a actuación do grupo America nas Festa do Portal 2024, por importe de 15.730 euros.

2.-A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación a factura num. 75 de data 19.09.2024, emitida por Fuegos Artificiais Josman S.L.. relativa a tirada de fogos nas Festa do Portal 2024, por importe de 10.285 euros.

3.-A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación a factura num. 4 de data 18.07.2024, emitida por Memoria Documental de Galicia relativa a realización de documental Abrente do Ermo, por importe de 15.125 euros.

4.-A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación a factura num. 0240095 data 17.12.2024, emitida por Castro Consulting Business Strategy S.L.. relativa a elaboración de plan Estratégico de Turismo, por importe de 17.787 euros.

ACORDO DE ADHESIÓN AO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPADA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA O EXERCICIO 2025

Unha vez vistas as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2025, e no uso das atribucións que me confire o ordenamento xurídico vixente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

1º) Aprobar a adhesión do Concello de Ribadavia ao Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2025, con aceptación expresa do contido íntegro das ditas bases sen salvidade ou reserva ningunha.

2º) Solicitar a inclusión no Programa de investimentos do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2025, cunha achega provincial polo importe total de 225.638,84 € e unha achega municipal (exclusivamente para o cofinanciamento das actuacións incluídas no programa con achega provincial) polo importe total de 0 €, dos seguintes investimentos:

-Investimentos para incluír no plan con achega provincial (incluíranse os investimentos que procedan de conformidade co disposto na base quinta do plan, especificando para cada un deles a súa denominación, orzamento total, a achega provincial e, se é o caso, a achega municipal -na dita achega municipal entenderanse incluídas, de se-lo caso, as achegas procedentes doutras administracións nos termos da base segunda do plan-)

Denominación da obra: PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO EN SAN CRISTOVO DE REGODEIGÓN, NO CONCELLO DE RIBADAVIA

Orzamento: 225.638,84 euros.

Investimentos para incluír no plan sen achega provincial (incluíranse os investimentos que procedan de conformidade co disposto na base quinta do plan, especificando para cada un deles a súa denominación e orzamento total).

Denominación da obra: Nova carpintería exterior no antigo matadoiro

Orzamento: 39.915,61 euros.

3º) Solicitar a inclusión no Programa de gasto corrente e amortización de débeda do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2025, cunha achega provincial polo importe total de 18.276,26 € e unha achega municipal (exclusivamente para o cofinanciamento das actuacións incluídas no programa con achega provincial) polo importe total de 0 €, das seguintes actuacións:

- Gastos ou actuacións para incluír no plan con achega provincial (incluíranse os gastos ou actuacións que procedan de conformidade co disposto na base quinta do plan, especificando para cada un deles a súa denominación, orzamento total, a achega provincial e, de ser o caso, a achega municipal -na dita achega municipal entenderanse incluídas, de se-lo caso, as achegas procedentes doutras administracións nos termos da base segunda do plan-).

Denominación: Amortización de débeda.

Orzamento: 18.276,26 euros.

- Gastos ou actuacións para incluír no plan sen achega provincial (incluíranse os gastos ou actuacións que procedan de conformidade co disposto na base quinta do plan, especificando para cada un deles a súa denominación e orzamento total).

Denominación: Subministro de enerxía eléctrica.

Orzamento: 20.000 euros.

4º) Asumir o compromiso firme de incluír nos orzamentos do concello, respecto das actuacións incluídas no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación provincial de Ourense para o exercicio 2025 con achega provincial, crédito dabondo para o financiamento da achega municipal comprometida.

5º) Aprobar a memoria descritiva dos investimentos e actuacións para incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2025, que se achega como anexo da presente acordo.

PETICIÓN DE SUBVENCION

“RESOLUCIÓN do 11 de decembro de 2024 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a concellos de Galicia, e se establece a súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para o ano 2025”.

O abeiro da Resolución do 11 de decembro de 2024 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a concellos de Galicia, e se establece a súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para o ano 2025, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, ACORDA:

UNICO.- Acollese a devandita Orde solicitando a correspondente subvención, prestando aprobación os proxectos para a liñas seguinte:

Liña I: “NOVA CARPINTERIA EXTERIOR NO ANTIGO MATADOIRO”, por importe de 39.915,61 euros, e se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela, ao cal fai referencia o punto 3.2.d) desta resolución.

Liña IIA: “ELIMINACIÓN DE IMPACTOS PAISAXÍSTICOS NO LAVADOIRO – FONTE DE SANTO ANDRÉ E O SEU ENTORNO, por importe de 39.995,17 euros , e se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela, ao cal fai referencia o punto 3.2.d) desta resolución.

ACUERDO INICIO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVICIOS DE DIRECCIÓN ARTÍSTICA DE LA MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO DE RIBADAVIA.

Examinada la documentación que la acompaña, visto el informe de Secretaría, y de conformidad con lo establecido en la Disposición Adicional Segunda de la Ley 9/2017 de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, por la que se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014, **RESUELVO**

PRIMERO. Aprobar el expediente de contratación, mediante procedimiento abierto para el *servicio de DIRECCIÓN ARTISTICA DE LA MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO DE RIBADAVIA* convocando su licitación.

SEGUNDO. Aprobar los Pliegos de Condiciones Económico-Administrativas y Técnicas que regirán el contrato.

TERCERO. Aprobar el gasto correspondiente por importe de 10.000 euros.

CUARTO. Dar cuenta de la presente Resolución a Intervención y a Tesorería a los efectos de practicar las anotaciones contables que procedan.

QUINTO. Publicar el anuncio de licitación en el perfil de contratante con el contenido contemplado en el anexo III de la Ley 9/2017 de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público.

SEXTO. Publicar en el perfil de contratante toda la documentación integrante del expediente de contratación, en particular los Pliegos de Condiciones Económico-Administrativas y Técnicas que regirán el contrato.

SÉPTIMO. Designar a los miembros de la mesa de contratación y publicar su composición en el perfil de contratante:

Presidenta Doña Mariluz Expósito Pérez

Vocales:

Francisco Fernández Castro.

José Manuel Pérez Otero.

Begoña Arregui Rodríguez.

Sonia Fernández Couso.

Secretario: Luis Pérez Díaz.

OCTAVO. Designar a los miembros del comité de valoración que habrá de valorar los criterios cuya ponderación dependa de un juicio de valor y publicar su composición en el perfil de contratante:

Don César Fernández Gil, que actuará como presidente.

Don Roberto Pascual Rodríguez.

Don Vicente Soto Rodríguez..

Doña Yolanda Gomez Gómez.

Un representante del Centro Dramático Galego, designado por la Xunta de Galicia.

5 ESCRITOS OFICIAIS.

Notificación de la resolución denegatoria de concesión de ayudas para el programa de mejora de la competitividad y de dinamización del patrimonio histórico de uso turístico, de la Secretaría de Estado de Turismo

E sendo as dez horas e dez minutos da maña a presidencia levanta a sesión.